

Por mor da posible coincidencia masiva de persoas e da responsable prevención dos riscos asociados á transmisión da COVID-19, o Cineclube Padre Feijóo comunica o establecemento do seguinte protocolo e axusta os horarios de proxeccións co gallo de permitir unha organización na circulación de entrada e saída da sala.

## PROTOCOLO E MEDIDAS DE HIXIENE DO CINECLUBE PADRE FEIJOO

[ÚLTIMA ACTUALIZACIÓN: AGO.2020]

Non se permite o acceso á sala ás persoas que presenten a seguinte sintomatoloxía: febre, calafríos, tos, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Tampouco se permitirá o acceso a aquelas persoas que, sen presentaren os devanditos síntomas, estean á espera dun diagnóstico por ser consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2 ou por ter infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible con COVID-19, xa que deberían permanecer illadas ou en corentena.

De acordo co que se establece no apartado primeiro da Resolución do 25 de xuño de 2020 (DOG n.º 126 de 27 de xuño de 2020) do Acordo da XUNTA DE GALICIA de modificacións ao Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19; é obrigatorio o uso de máscara hixiénica ou FFPP2/3 sen válvula exhalatoria durante o acceso, transcurso e saída da actividade de proxección.



Na cola de control de acceso á sala, dispórase dunha distancia de seguridade de polo menos 1,5 metros de separación entre asistentes. Estes disporán de dispensadores de xel hidroalcohólico ou desinfectante con actividade virucida en condicións de uso.

Antes e despois de cada proxección, o Cineclube intensificará a limpeza e desinfección dos espazos comúns, tanto no acceso e saída da sala e baños, como butacas, portas e outros elementos de similares características.

Realizaranse tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, entre cada sesión diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

O uso dos aseos estará permitido soamente para unha persoa ao mesmo tempo, agás nos supostos de persoas que poidan precisar asistencia, que poderán levar un acompañante. Os aseos contan cun reforzo na limpeza e desinfección garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos (para o que pregamos a colaboración das persoas usuarias).



Disporase de xabón e toallas de papel, así como de papeleiras nas que poder depositar panos e calquera outro material desbotable como as máscaras. Estas papeleiras serán limpadas de forma frecuente, e polo menos unha vez antes da sesión e ao rematar a mesma.

A apertura de portas realizarase con antelación abondo para permitir un acceso gradual á sala, fixándose franxas horarias axeitadas para o acceso.

A saída do público ao termo do espectáculo debe realizarse de forma gradual por zonas, garantindo a distancia entre persoas.

Durante o proceso de atención e acomodación, gardarase entre o persoal do Cineclube e o público asistente a distancia de seguridade fixada polas autoridades sanitarias.

Aínda que as autoridades sanitarias recomendan a promoción da venda electrónica, dada

a imposibilidade material da mesma para o Cineclube, as cotas de acceso ou tickets de sostemento da actividade realizaranse con despacho manual, garantíndose a hixiene cunha solución hidroalcohólica para a desinfección de mans. Instalarase un panel de protección para garantir a separación entre o persoal do Cineclube e os espectadores.



A fin de minimizar os riscos, indicaremos un acceso á plataforma online desde onde se poden descargar as follas de sala de calquera sesión en dispositivos electrónicos.

Disporanse de carteis informativos nos puntos de acceso sobre as normas de obrigado cumprimento de a distancia mínima, uso de máscara e hixiene de mans (así como información da sintomatoloxía que previr e teléfonos de contacto das autoridades sanitarias).

O acceso á sala realizarase deseñando unha programación de pases escalada para asegurar unha distancia física de polo menos 1,5 metros no vestíbulo de entrada, reducindo o tempo de espera, de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias.

Durante os tránsitos de entrada e saída da sala, deberanse establecer normas para poder garantir o distanciamento físico dos asistentes: portas diferentes, disposición de tensores para independizar os percorridos, etc.

Aínda que a norma regula que para garantir a distancia de seguridade entre espectadores a capacidade máxima é do 75% da sala (84 butacas), o Cineclube reducirá a capacidade por sesión para salvagardar unha distancia de seguridade, facilitar a renovación de aire, limpeza e desinfección da sala, quedando afectado tan só 40 butacas dispoñibles por sesión.

O control "in situ" na sala por persoal do Cineclube da correcta disposición dos asistentes,

segundo os criterios de distanciamento físico anteriormente referidos, indicando o cambio de localización en caso de non cumprir coa distancia necesaria



O uso de luvas e máscaras será obrigatorio en tarefas de limpeza e desinfección. A secuencia será: limpeza (máis limpas a menos, de arriba a abaixo) e desinfección. Cambio periódico de dilucións e material de limpeza. Intensificaranse as tarefas nos baños e balcón de acceso ou punto de venda da entrada.



Antes da proxección, comunicaranse aos espectadores as medidas preventivas dispostas para mellorar a súa seguridade na sala, así como de normas que seguir para abandonala, respectando as medidas de distanciamento físico precisas.

## ANEXO NORMATIVA DE APLICACIÓN

- VENDA DE ENTRADAS (Artigo 38.4 Orde SND/414/2020, do 16 de maio).

Respecto a a adquisición das entradas polos usuarios, recomendarase a súa venda online ou telefónica. No caso de que a compra deba realizarse en despacho de billetes, fomentarse o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, evitando, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Limparase e desinfectará o datafono tras cada uso, así como o TPV se o empregado que o utiliza non é sempre o mesmo.

- LIMITACIÓN DO AFORO

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (DOG núm. 115 Sábado, 13 de xuño de 2020)

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurárase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3.18. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o setenta e cinco por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.